

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 22 de xullo de 2009, aprobou o PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A SUSCRIPCIÓN DUN CONVENIO DE ASOCIACIÓN CUNHA MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS .

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Selección dunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para a posterior suscripción dun convenio de asociación para a cobertura das continxencias derivadas tanto dos riscos profesionais de accidentes de traballo e enfermidades profesionais coma das derivadas de continxencias comúns do persoal ao servizo do Concello de Lugo, todo isto conforme o prego de prescricións técnicas elaborado pola Xefa de Servizo de Persoal.

b) Prazo de execución: DOUS ANOS contado a partires da data de formalización. O convenio poderá ser obxecto de prórroga por períodos anuais mediante acordo do órgano de contratación, sen que a duración total do convenio -incluídas as prórrogas- poida exceder de CATRO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato:

O prezo máximo para a prestación do servizo é o establecido para a cotización deste tipo de continxencias na Disposición Final Décimoterceira da lei 2/2008 de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009.

Os custos dos servizos e das actividades que integran o convenio de asociación pagaranse de xeito directo á Seguridade Social por medio das cotas correspondentes e esta fará á mutua seleccionada o aboamento que legalmente proceda.

5.- Garantías:

a) Provisional: Non se esixe

b) Definitiva: Non se esixe

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

Estar autorizadas para actuar como entidades colaborados na xestión do réxime xeral da Seguridade Social no Ministerio de Traballo

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 159,90 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 22 de xullo de 2009
O ALCALDE,
P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA
(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia